

Os xitanos cesteiros

Foron asasinados o 30 de setembro de 1936. Apreixados á altura da Ponte da Pasaxe por un grupo de criminais fascistas aos que lle fuxira outro obxectivo. Os corpos apareceron nun lugar de Montrove. Eran familia. O maior deles, de 45 anos, chamábase Antonio Camacho Montoya, casado e con oito fillos. O seu sobriño, Antonio Montoya Camacho, tiña 16 anos. E Manuel Jiménez Montoya, o terceiro asasinado, tiña 14 anos de idade. O crime nunca foi investigado. No rexistro civil de Oleiros figura como causa da morte hemorraxia menínxea, con dislocación do tecido cerebral.

Están soterrados en Santa Eulalia de Liáns, en Santa Cruz. Póndonos á fronte da fachada da igrexa parroquial, as sepulturas están á esquerda, xuntas, e neste tempo cubertas das follas dos plataneiros. Dalgún xeito, están na fronteira. En terra de ningures. No limbo do camposanto. A carón dos inocentes. Das pequenas sepulturas das crianzas. Dos anxos.

Eran xitanos. Eran, de oficio, cesteiros.

Hai un son en Liáns.

E u é?

Son os pés que non queren pisar.

E u é?

Son as follas que caen
no oco da guitarra.

Son os nenos
que piden un biscallo azul de *azar*.

E u é?

Son os anxos
que chían polo buraco das balas,
polo envés do matar.

E u é?

Son as follas a pousar nos nomes,
a facer un chamizo pra os nomes,
a vendar as mans dos nomes,
os ósos do vimbio.

E u é?

É a brima da brimba na brimbeira.

E u é?

O xeito de facer un cesto, un paxe, a patela.

E u é?

Os vimbios a cimbrar os rinchos

dos círculos roubados.
E u é?
O son de todo o que os cestos levaron.
E u é?
É o andar das nais das cousas
a apañar
os círculos primeiros.
O sol, a lúa, a boca, o froito,
o pan, a danza.
O almeiro do cesto.

E u é?
E u é a póla do baleiro,
o niño trezado da ave do soño.
O xeito,
o xeito de facer o cesto.
Antonio Camacho Montoya
Antonio Montoya Camacho
Manuel Jiménez Montoya
o xeito
o xeito de facer un cesto

Jimenez Camacho Manuel Montoya Antonio Camacho Jiménez
Camacho Antonio Montoya Montoya Montoya Jiménez Jiménez Camacho
Camacho Camacho Antonio Antonio Antonio Manuel Antonio
Camacho
Jiménez
Montoya

E u é?
Non ha ho
E u é?
Non ha ho
E u é?
Non
ha
ho!